

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Abril 2007

### COMUNICADO

### Os prezos dos bens de importación e de exportación creceron arredor dun 5% en abril de 2007.

O índice de prezos das exportacións creceu un 5,0% en abril de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens exportados e expedidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 5,0% en abril de 2007 con respecto a abril de 2006. Se a serie a corriximos de estacionalidade a variación interanual acada tamén un 5,0%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo creceron un 19,3% e os prezos dos bens de equipo creceron un 6,4%; pola contra, os prezos dos bens intermedios decreceron un 7,7%.

O índice de prezos das importacións creceu un 5,1% en abril de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens importados e introducidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 5,1% en abril de 2007 con respecto a abril de 2006. Corrixido de estacionalidade os prezos das importacións creceron un 5,0%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo e dos bens de equipo creceron un 6,8% e un 9,8% respectivamente; pola contra os prezos dos bens intermedios decreceron un 0,4%.


#### Índices de valor unitario. Abril 2007. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Exportacións/expedicións	108,6	5,0%	8,2%
Importacións/introduccións	110,6	5,1%	-1,0%
<b>Datos corrixidos de estacionalidade</b>			
Exportacións/expedicións	108,7	5,0%	8,2%
Importacións/introduccións	109,9	5,0%	-1,0%

FOIITE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior



No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 2000.



**FOIITE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior**

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>